

A Chaira

www.elprogreso.es

AS CALZADAS

CRISTINA PÉREZ



Recortes

D ICÍA nun pleno un alcalde da volta que esixían os recortes, é que quizais algo estivese sobredimensionado, e o que había era que axustalo. Habería que preguntarlles aos da Moexmu, que se queixaron amargamente por non ter axudas da Xunta de Galicia para unha cita que está a piques de cumprir tres décadas e na que se celebra o único concurso de gando da provincia se malgastaban as subvencións, ou a plantilla de Urbaser de Vilalba, agora que a folga de recollida enfila a súa cuarta semana sen perspectivas de solución, se os seus soldos efektivamente están tan sobredimensionados que merecen un recorte do 18%. De igual maneira habería que consultarlles ás máis de cen familias que participan no nova iniciativa Educando en Familia, e están dispostas a abonar unha cota, se o recorte total que se fixo con Preescolar na Casa tamén estaba xustificado porque, a fin de contas, o programa estaba sobredimensionado. Dá pena, como dixo o presidente dos empresarios de Vilalba sobre o aspecto que loce Vilalba inzada de lixo, ver como se usa a excusa dos recortes para facer axustes onde interesa, mentres se segue a gastar a esgalla noutras propostas por conveniencia e intereses particulares.



Alumnos de cuarto de secundaria do IES Moncho Valcarce, no obradoiro de regueifas co Caruncho e con Pinto d'Herbón. EP

Educando na tradición

► Alumnos do IES Moncho Valcarce das Pontes participaron nun taller de regueifas a cargo do Caruncho e de Pinto d'Herbón

MARTA MANCEBO

AS PONTES. As regueifas forman parte da tradición galega dende tempos remotos. A orixe desta controversia cantada ten que ver cun bolo de pan —ou rosca de ovo e de azucre— que antigamente se lles regalaba nas vodas aos convidados. A regueifa, que así se chamaba o doce, debía ser cortado por un dos asistentes ao convite e, para decidir quen debía facelo, realizaban unha loita dialéctica.

Hoxe en día, grazas ao seu estudo e a súa recuperación, estas coplas seguen sendo parte importante da cultura galega e, aínda que poden versar sobre temáticas moi diversas, o humor e a retransca permanecen sempre como a súa carta de presentación.

Disto mesmo deron boa conta os alumnos de cuarto da Eso do IES Moncho Valcarce das Pontes cun taller de regueifas, promovido polo departamento de Dinamización Lingüística do centro, no que O Caruncho e Pinto d'Herbón se converteron nuns mestres de excepción.

«O obxectivo desta actividade foi, fundamentalmente, promover entre os rapaces a cultura

A través dun obradoiro os estudantes ponteses descubriron a orixe das coplas populares e aprenderon a rimar

popular galega», asegurou María Xesús Díaz, que xunto a María Teresa Núñez e a Pilar Muñoz conforman o departamento de dinamización neste instituto.

Os coñecidos regueifeiros fixeron na primeira parte do obradoiro un breve repaso histórico das coplas e explicaron con detemento a orixe desta curiosa tradición.

Despois, levaron a cabo unha demostración coa que os rapaces disfrutaron das rimas —con referencias a debuxos animados como Bob Esponja ou Pocoyó, ou a xogadores de fútbol como Cristiano Ronaldo— e do singular son da zanfona.

Trala demostración de preto de quince minutos de duración

os alumnos descubriron que as regueifas seguen sempre unha dinámica concreta. «As coplas teñen catro versos, de oito sílabas cada un, nos que riman sempre os pares», sinalou O Caruncho, ao que matizou que «sempre se ten que ter ben asimilado o ritmo para ir cantando por riba del».

Pinto d'Herbón, pola súa banda, asegurou que estas pezas «serven para pasalo ben e abrir a mente» e, dándolles unhas últimas e breves indicacións, animou os rapaces a buscar palabras axeitadas para facer unha boa copla.

Tras uns primeiros momentos de certas dúbidas e de vergoña, os estudantes botaron a voar a súa imaxinación e improvisación, e compuxeron, entre outras, a seguinte canción: «Estaba na miña aldea e rompeume a cadeira, xa non tiña onde sentarme e funme sentar a leira».

Clínicas Dentales SOBRODO

Avda. Galicia, 34-36 Entresuelo • 27800 Villalba - LUGO

T. 982 523 904

Rosalía de Castro, 63 Bajo • 27120 Castrolverde - LUGO

T. 982 313 018

Avda. Galicia, 66 - 1.ª Izda. (Edificio de Correos) • 27100 A Fonsagrada - LUGO

T. 982 350 127

■ Dr. Juan Muínelo Lorenzo
Odontoloxía Xeral - Col. 1115

■ Dr. Ramón Soilán López
Cirurxía e Implantés - Col. 1044

■ Dra. Iria Iglesia Rodríguez
Ortodoncia - Col. 1114

■ Nilda Fernández Hernández
Odontoloxía Xeral - Col. 1018

• Odontoloxía Xeral
• Cirurxía & Implantés
• Ortodoncia

■ Natividad Ramón Pájaro
Higienista Dental

■ María Isabel Riveira
Auxiliar de Clínica

■ José Sobrado Correa
Protésico Dental

• Odontopediatría
• Rehabilitación Oral

Financiamos su tratamiento hasta 12 meses sin intereses



20 años de experiencia en odontología